

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 44** *Real decreto 1960/2009, do 18 de decembro, polo que se regulan os consellos de residentes españois no estranxeiro.*

A participación institucional dos cidadáns españois no exterior a través de mecanismos propios ten unha tradición xa considerablemente longa no noso país desde a entrada en vigor da Constitución española de 1978. O Consello Xeral da Emigración e os consellos de residentes españois, regulados no Real decreto 1339/1987, do 30 de outubro, sobre canles de participación institucional dos españois residentes no estranxeiro, serviron de canle para a transmisión das inxedanzas e reivindicacións das comunidades españolas asentadas fóra das nosas fronteiras.

Este sistema de participación institucional, como en xeral todo o conxunto de dereitos e servizos prestados aos cidadáns españois residentes no exterior, así como a concepción mesma deste colectivo, foron profundamente revisados pola Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior.

Esa lei, presidida polo principio da equiparación efectiva de dereitos entre os españois residentes no territorio nacional e os que o fan no estranxeiro, establece, en cumprimento do mandato recollido nos artigos 9.2, 23.1 e 42 da Constitución española, un novo marco xurídico de participación institucional dos cidadáns españois residentes no exterior que suscita a necesidade de proceder á substitución da súa normativa reguladora, o citado Real decreto 1339/1987, do 30 de outubro.

Por unha parte, en substitución do Consello Xeral da Emigración, o Estatuto crea o Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior, cuxo réxime foi recollido no Real decreto 230/2008, do 15 de febreiro, modificado polo Real decreto 245/2009, do 27 de febreiro, e derroga o establecido no capítulo II do citado Real decreto 1339/1987, do 30 de outubro.

Por outra parte, de xeito complementario, o Estatuto da cidadanía redefine e establece a natureza e funcións dos consellos de residentes españois, nos seus artigos 9, 12 e 13.

As modificacións legislativas introducidas pola Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior e, en menor medida, pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que modifica a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, así como a experiencia acumulada no funcionamento dos consellos de residentes españois, fan necesaria unha nova regulación destes que derroque o disposto no vixente capítulo I do Real decreto 1339/1987, do 30 de outubro, parcialmente modificado polo Real decreto 2022/1997, do 26 de decembro.

Á devandita finalidade é á que corresponde este real decreto, que foi sometido a informe do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior no seu II Pleno do V Mandato.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros en reunión do día 18 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Natureza dos consellos de residentes españois.*

Os consellos de residentes españois son órganos de carácter consultivo e asesor, adscritos ás oficinas consulares de España, cuxa composición, elección e réxime de funcionamento se regulan neste real decreto e nas disposicións normativas de desenvolvemento.

Artigo 2. *Constitución.*

1. En todas as circunscricións consulares en cuxas listas do censo electoral de residentes ausentes estean inscritos, como mínimo, mil douscentos electores, constituirase, por elección, un consello de residentes españois como órgano consultivo da respectiva oficina consular.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 10.2 deste real decreto e para os únicos efectos deste artigo, considéranse electores aqueles que figuren na correspondente lista do censo electoral de residentes ausentes no último día do mes anterior ao da data de publicación da convocatoria de eleccións.

Artigo 3. *Ámbito material de actuación.*

Os consellos de residentes españois desenvolverán a súa actividade respecto das seguintes materias:

- a) Dereitos civís e laborais que correspondan aos españois na circunscrición consular, de conformidade co dereito internacional.
- b) Inserción dos alumnos españois no sistema educativo do país, actividades que ao abeiro da lei local ou dos tratados se poidan establecer para asegurar o mantemento dos vínculos culturais con España e, en xeral, as actividades propias da acción educativa de España no exterior.
- c) Participación dos residentes españois na vida política de España, de acordo coa lexislación española, coa do país de residencia e co dereito internacional.
- d) Acción social e cultural a favor dos españois.

Artigo 4. *Funcións.*

Respectando en toda a súa integridade as funcións e atribucións do xefe da oficina consular, as disposicións do dereito interno do país de residencia e o dereito internacional convencional ou consuetudinario, os consellos de residentes españois, respecto das materias enumeradas no artigo 3, terán as seguintes funcións:

- a) Ser canle de comunicación entre as comunidades de españois no exterior e as correspondentes oficinas consulares.
- b) Debater e propoñer ás oficinas consulares as medidas relacionadas coa súa función consular que contribúan a melloralas no ámbito da súa circunscrición.
- c) Asesorar e informar a oficina consular nos asuntos que afecten a comunidade española.
- d) Difundir entre a comunidade española as medidas adoptadas polas administracións públicas naqueles temas que afecten os españois residentes na circunscrición.
- e) Cooperar coa oficina consular ou con outras institucións españolas ou locais para dar maior carácter institucional a aquelas actividades que se desenvolvan en beneficio dos españois.
- f) Colaborar coa oficina consular nos procesos electorais dos propios consellos de residentes españois.
- g) Participar, na forma que regulamentariamente se estableza, no procedemento de concesión de axudas e subvencións establecidas a favor dos españois no exterior.

Artigo 5. *Membros.*

1. O Consello de Residentes Españois estará composto por conselleiros elixidos por sufraxio universal, libre, directo e secreto polos españois maiores de idade inscritos no censo electoral de residentes ausentes da circunscrición consular correspondente.

2. O número de conselleiros será de sete nas circunscricións consulares en que estean inscritos no censo electoral de residentes ausentes ata corenta mil españois, de once nas que o estean de corenta mil un a oitenta mil, e de quince cando se supere esta cifra. No momento da convocatoria, o xefe da oficina consular, tendo en conta os últimos

datos do censo electoral de residentes ausentes correspondentes á súa circunscrición consular, determinará se o Consello de Residentes Españois deberá contar con sete, once ou quince membros.

Artigo 6. Presidente e secretario do Consello de Residentes Españois.

1. Na súa primeira reunión, o Consello de Residentes Españois elixirá de entre os seus membros, por maioría absoluta, un presidente. O presidente así elixido designará un secretario de entre os restantes membros do Consello.

2. A ulterior vacante de presidente cubrirase, se é o caso, mediante nova votación, igualmente por maioría absoluta. Dentro do mesmo mandato do Consello de Residentes Españois, o presidente que cesase no seu posto por calquera causa non poderá ser reelixido.

A vacante de secretario cóbrease designando o presidente outro de entre os conselleiros titulares.

3. Os cargos do Consello non son remunerados.

Artigo 7. Duración do mandato.

1. O Consello de Residentes Españois quedará validamente constituído desde a data en que teña lugar a súa primeira reunión.

2. O mandato dos conselleiros terá unha duración de catro anos contada desde a constitución do Consello. En calquera caso, o mandato dos conselleiros dos consellos de residentes españois nunca rematará despois do dos conselleiros do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior elixidos segundo o establecido no artigo 11, parágrafo 1, alínea a) do Real decreto 230/2008, do 15 de febreiro, polo que se regula o Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior (modificado polo Real decreto 245/2009, do 27 de febreiro).

Artigo 8. Perda da condición de membro.

A condición de membro do Consello de Residentes Españois pérdese:

- a) Por extinción do mandato, ao expirar o seu prazo ou disolverse o Consello;
- b) Por falecemento ou incapacidade declarada por sentenza firme;
- c) Por baixa no censo electoral de residentes ausentes da circunscrición consular correspondente;
- d) Por renuncia do interesado e
- e) Por causa disciplinaria, considerando como tales:

1. O conselleiro que durante o seu mandato sexa condenado en sentenza firme pola comisión dun delito, sexa esta anterior ou posterior á adquisición da condición de conselleiro.

2. O que incorra en conduta que, a xuízo unánime do resto dos conselleiros, ofenda gravemente o decoro do Consello e dos seus membros, das institucións do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade, ou altere reiteradamente a orde das reunións.

3. A falta de asistencia ás reunións ordinarias do Consello de Residentes Españois. Un conselleiro perderá a condición de tal por ausencia inustificada a tres reunións, ou por ausencia xustificada a seis. Unha ausencia considerarase xustificada cando, antes de transcorridas setenta e dúas horas desde a celebración da reunión, o conselleiro ausente envíe unha carta dirixida ao secretario do Consello de Residentes Españois explicando o motivo da súa ausencia e este sexa considerado como xustificado por maioría simple dos restantes membros do Consello de Residentes Españois na primeira reunión que teña lugar.

Artigo 9. Participación nas reunións.

1. O Consello de Residentes Españois poderá nomear grupos de traballo para finalidades concretas aos cales poderán ser invitados asesores ou expertos na materia de que se trate.

2. O xefe da oficina consular ou quen designe expresamente para cada reunión ordinaria do consello, participará nas deliberacións deste, sen dereito a voto.

3. Tamén poderán participar, como asistentes, outras persoas alleas ao Consello, se son puntualmente invitadas a algunha sesión deste, co fin de esclarecer ou de ampliar información sobre algún punto da orde do día.

4. Poderán participar igualmente, pero sen dereito de voto, os membros do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior que, non sendo parte do Consello de Residentes Españois, residan na circunscrición consular.

Artigo 10. *Convocatoria de eleccións.*

1. As eleccións para a constitución dun Consello de Residentes Españois terán lugar no prazo de tres meses anterior á fin do mandato dos membros do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior elixidos segundo o establecido no artigo 11, número 1, alínea a) do Real decreto 230/2008, do 15 de febreiro. Para iso, os xefes das oficinas consulares en cuxas circunscricións se deba constituír un Consello de Residentes Españois a teor dos criterios establecidos no artigo 2 deste real decreto, convocarán as oportunas eleccións coa antelación suficiente pero nunca antes do quinto mes anterior ao da fin do mencionado mandato dos membros do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior.

2. Son electores para a designación do Consello de Residentes Españois en cada circunscrición consular os españois que figuren inscritos no padrón de españois residentes no estranxeiro correspondente a esta no último día do mes anterior á data de publicación da convocatoria de eleccións e que alcanzasen a maioría de idade antes da data de celebración destas.

3. Son elixibles os españois que igualmente figuren no padrón de españois residentes no estranxeiro o último día do mes anterior á data de publicación da convocatoria de eleccións e alcanzasen a maioría de idade antes da data de proclamación das candidaturas.

Artigo 11. *Procedemento electoral.*

1. As eleccións aos consellos nos seus diferentes aspectos, o procedemento electoral, a presentación de candidaturas, a celebración de eleccións, o escrutinio, a proclamación de candidatos e o réxime de solución de conflitos xurdidos no proceso electoral determinaranse mediante orde do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Esta orde ministerial deberá ter en conta o disposto na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, modificada pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, de maneira que todas as listas das diversas candidaturas conteñan un mínimo dun 40% de persoas dun sexo, de forma que se cumpra o principio de presenza equilibrada de xénero en cada lista.

Disposición transitoria primeira. *Continuidade dos consellos de residentes españois constituídos na data de entrada en vigor deste real decreto.*

Malia o disposto no artigo 2 sobre o número mínimo de españois inscritos no censo electoral de residentes ausentes correspondente a cada oficina consular para a constitución dun consello de residentes españois, todos os consellos de residentes españois que na data de entrada en vigor deste real decreto estean constituídos, mesmo os establecidos en circunscricións consulares nas cales menos de mil douscentos electores estean inscritos nas listas do censo electoral de residentes ausentes, continuarán funcionando e renovaranse periodicamente no momento en que lles corresponda mentres manteñan a continuidade da súa existencia.

Disposición transitoria segunda. *Mandato dos consellos de residentes españois constituídos no momento da entrada en vigor deste real decreto.*

O mandato dos membros dos consellos de residentes españois que estean constituídos en cada circunscrición consular na data da entrada en vigor deste real decreto prorrogase

ou acurtarase ata a data en que, en aplicación do disposto nel, se deban convocar eleccións para a súa renovación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1339/1987, do 30 de outubro, sobre canles de participación institucional dos españois residentes no estranxeiro, así como calquera outra norma de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.2.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias en materia de nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízanse os ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Traballo e Inmigración para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ